

SUBVENCIÓN E AXUDAS “REACTIVA TUI” DO CONCELLO DE TUI

- ✓ A subvención e en **régime de concorrencia non competitiva**, e dicir, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade.

- ✓ **Poderán solicitar** a subvención previstas nas presentes Bases aquelas **persoas físicas ou xurídicas**, así como as **comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas** que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes **requisitos**:
 - Que se trate dunha actividade empresarial, excepto aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200.
 - Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador autónomo), unha micro empresa ou pequena empresa.
 - Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Tui.
 - Que a actividade empresarial exérase nun local comercial ou negocio, específico e aberto ao público, situado no termo municipal de Tui.
 - Que se producise o peche total do establecemento ou que, ao ser cualificada como non esencial, producíse o cesamento total e absoluto da actividade.
 - Que o suxeito solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2020.
 - Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.
 - Que estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa AEAT, TGSS, ATRIGA e o Concello de Tui.

- ✓ **GASTOS SUBVENCIONABLES** (páx. 5 e 6):
 - Liña 1: Aluguer ata un máximo de 4 meses.
 - Liña 2: Transición cara a comercio online ou optimización do existente.
 - Liña 3: Axudas para financiar os gastos derivados co cumprimento das especificacións de servizo, limpeza, desinfección, mantemento e xestión tales como mascarillas, luvas, xel hidroalcohólico, asesoramento e consultoría, etc.
 - Liña 4: investimentos para acondicionamento de locais comerciais tales como reforma, compra de mobiliarios, grifería, etc.
 - Só é subvencionable os gastos dende o Estado de Alarma.

- ✓ Establécese un límite máximo de subvención do **100% do total de gasto subvencionable ata un máximo de 1.000€ para todas as liñas.**

Poderase pedir para todas as liñas ou só para algunha delas pero sen superar os 1.000€ totais.

- ✓ **PRESENTACIÓN:**

Presentarase o **Anexo I e Anexo II**, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico do Concello de Tui.

<https://concellotui.sedelectronica.gal/?x=MngwFdATYGBPGtBLympGuQ>

- ✓ **LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS:**

Unha vez analizadas as solicitudes, **publicarase una listaxe de admitidos** no portal de Internet do Concello de Tui.

No prazo de quince días hábiles, as empresas/autónomos **beneficiarios incluídos na listaxe** de solicitudes concedidas, **deberán presentar o modelo do anexo III acompañados dos documentos**, en formato orixinal ou copia compulsada:

- Persoas físicas: (documentos da páxina 9 e 10)
- En caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica: (documentos da páxina 10 e 11).

- ✓ **XUSTIFICACIÓN:**

Data límite para xustificación **15 de Decembro.**

Deberá presentarse o **Anexo IV e a documentación** solicitada na páxina 12.